



CENTRO DE DESENVOLVIMENTO RURAL "O Viso"

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2013





CENTRO DE DESENVOLVEMENTO RURAL “O VISO”

	Pág.
1.- PRESENTACIÓN	1
2.- ONDE ACTUAMOS	2
3.- QUÉN SOMOS	3
3.1.- Misión	3
3.2.- Visión	3
3.3.- Valores	3
3.4.- Fins do C.D.R. “O Viso”	3
4.- A ORGANIZACIÓN	5
4.1.- Xunta Directiva	5
4.2.- Organigrama	5
5.- QUÉ FIXEMOS	6
5.1.- Dinamización Cultural: Servizos para toda a comunidade	6
5.2.- Atención integral os nosos maiores: Servizos de proximidade	10
5.3.- Actividades formativas e informativas	13
5.4.- Acción voluntaria	17
6.- CONVENIOS SUSCRITOS CON OUTRAS ENTIDADES	18
7.- COLABORADORES	19
8.- CERTIFICACIÓNS	20



1.- PRESENTACIÓN

COMPROMETERSE É FACER VISIBLE O QUE É ESENCIAL

É un pracer presentarvos a Memoria de Actividades 2013 do CDR "O Viso". Nela podedes atopar información sobre os principios que nos orientan, quen somos, os nosos programas, onde e con quen colaboramos. Porque queremos manter o compromiso de divulgación e transparencia sobre a tarefa levada a cabo no desenvolvemento da nosa misión, visión e valores e coa máxima que sempre nos guía: "O necesario é posible e ademais é realizable"

O ano 2013 non foi un ano fácil pola situación económica na que nos atopamos, e no que seguiu o retroceso nas políticas sociais, que afectan moi directamente a moitas das familias coas que traballamos e a nós mesmos. Pero debemos insistir e traballar coas persoas que forman parte do noso medio rural en procesos de desenvolvemento integral e comunitarios que asumen o desafío de "facer medrar a todas as persoas e a toda a persoa". A exclusión social relaciónase estreitamente coa pobreza, pero merece outra mirada. Incide máis ben nunha privación de oportunidades e de dereitos para moitos habitantes do noso medio rural, e particularmente para os que viven nos pobos máis illados e peor dotados.

Temos que ter en conta un aspecto fundamental da necesidade de manter e seguir dando apoio a este tipo de proxectos integrais no noso medio, primeiro pola escaseza dos mesmos e porque ademais de facilitar o acceso a servizos de atención a toda a comunidade, están xerando novos empregos, contribuindo a activar a economía e fixar a poboación na nosa zona. Imprescindible contar coa axuda e contribución de tódalas entidade públicas e privadas e de todas persoas que co seu traballo diario e coa súa contribución voluntaria, fan posible a continuidade do noso proxecto.


Antonio R. Corbal

Portavoz do Centro de Desenvolvemento Rural "O Viso"

2.- ONDE ACTUAMOS

O Centro de Desenvolvemento Rural “O Viso”, é una entidade sen ánimo de lucro, constituída no ano 1990 e declarada de Utilidade Pública, que traballa principalmente na comarca da Limia. O C.D.R. “O Viso” ten como misión: “Acompañar á xente do medio rural da Limia en procesos de desenvolvemento que asumen o desafío de facer medrar a toda a persoa e a todas as persoas”.

O ámbito territorial onde desenvolvemos este proxecto é a Comarca da Limia. O sur da provincia de Ourense. Esta comarca está formada por once concellos ós que pertencen 256 núcleos de poboación.





3.- QUEN SOMOS

3.1.- Misión

“Acompañar á xente do medio rural limiá en procesos de desenvolvemento que asumen o desafío de facer medrar a todas a persoa e a toda a persoa”

3.2.- Visión

“Ser un referente da utopía realizable no medio rural galego a través dunha estratexia de desenvolvemento integral dirixida á poboación rural mais vulnerable da comarca da Limia, a través de accións globais de carácter social, educativas, informativas, económicas, de formación e emprego para que a nosa comunidade permaneza no seu medio, en mellores condicións e cunha maior calidade de vida.”

3.3.- Valores

- ✓ De liberación: da liberdade interior e da conciencia crítica.
- ✓ Do diálogo, da convivencia pacífica e do sentido democrático.
- ✓ Da expresión, da creatividade e da acción.
- ✓ Do sentido da persoa, dos valores, en concreto pola garantía dos valores éticos fundamentais (da xustiza absoluta coas persoas e coa historia, a convivencia fraterna e o respecto e a acollida).
- ✓ Do sentido do ben común, da pertenza a un pobo e da conciencia histórica.

3.4.- Fins do C.D.R. “O Viso”

Son fins da asociación do CDR “O Viso” os seguintes:

- a) Ser lugar de encontro e coordinación de institucións, grupos e persoas que traballan e están preocupadas polo medio rural e a súa específica problemática.
- b) Realizar estudos e análises obxectivos sobre a situación actual e as perspectivas de futuro das zonas rurais.
- c) Ser centro de iniciativas tendentes a impulsar e canalizar accións conxuntas coas diversas Administracións, (local, provincial, autonómica, estatal e internacional) entidades e institucións, públicas e privadas, tendentes á solución dos problemas da zona.



- d) Impulsar a educación, formación, información, ensinanza e cultura popular do medio rural en tódolos seus aspectos e promover o desenvolvemento e progreso humano, económico e social do mesmo.
- e) Apoiar cantas iniciativas aparezan a favor da revalorización humana, técnica e económica, da agricultura e da gandería, á vez que se
- f) promove a busca de novas actividades sociais e económicas, nacidas dun posible mellor aproveitamento dos recursos humanos e naturais.
- g) Promover a participación de tódolos membros da comunidade e prestar servizos a tódolos sectores de poboación: infancia, mocidade, mulleres, terceira idade e outros colectivos en situación de marxinación social, na afirmación da súa propia identidade rural e con referencia especial á familia.
- h) Organizar cantas actividades sexan precisas para a mellor información e formación nos diversos campos: economía social, emprego, cooperativismo, asociacionismo, necesidades de equipamento e asistenciais, rehabilitación do medio físico natural, protección da biodiversidade, eficiencia no uso dos recursos naturais, economía, transformación e comercialización agraria e gandeira, animación sociocultural, lúdicas e de potenciación da expresión e comunicación, do artesanado, turismo rural, etc.....
- i) Ser unha entidade prestadora de servizos á mocidade na que estarán integrados mozos/as con idades comprendidas entre os 14 e os 30 anos; organizando cantas actividades sexan precisas para alcanzar tódolos fins incluídos no artigo 4º (fins desta asociación) de forma específica para este sector da poboación.
- j) Prestar especial atención e apoio, a través de programas específicos ós colectivos de discapacitados, enfermos mentais, menores en situación de conflito e risco social, inmigrantes, minorías étnicas, xitanos.... e outros colectivos en situación de exclusión social.
- k) Encamiñar tódalas actuacións a fomenta-lo desenvolvemento do principio de igualdade de xénero.
- l) Ser unha entidade de acción voluntaria que promocióne e fomente a formación, sensibilización, información e participación de voluntarios/as no CDR "O Viso" e outras asociacións ou entidades e programas de voluntariado.



4.- A ORGANIZACIÓN

4.1.- Xunta Directiva

Presidente: D. JOSÉ ANTONIO PÉREZ CARRERA

Vicepresidente: D. XOSÉ RAMÓN JORGE JANEIRO

Secretario: D. TOMÁS GARCÍA GARCÍA

Ecónomo: D. EDELMIRO MARTÍNEZ CERREDELO


Portavoz: D. ANTONIO RODRÍGUEZ CORBAL

Vogais: D. EMILIO JOSÉ GIL FERNÁNDEZ

D. MODESTO FERNÁNDEZ VÁZQUEZ

Coordinadora: DNA. CARMEN BOHÓRQUEZ VERDUGO

4.2.- Organigrama



5.- QUÉ FIXEMOS

A continuación resúmense as actividades levadas a cabo ó longo do ano 2013 nas diferentes áreas nas que o Centro de Desenvolvemento Rural “O Viso” traballa có seu entorno.

5.1.- Dinamización cultural: Servizos para toda a comunidade

POBO ESCOLA:

Ante o descoñecemento da realidade rural e natural, a perda de identidade cultural, a reestruturación e os cambios nos modelos de produción que está a provocar o



Nenos e nenas no obradoiro do pan e cos animais

esquecemento do acervo cultural nos nosos pobos e aldeas, oferta dende 1.994 unha achega de coñecemento vital da realidade rural: entorno natural e humano, modos de vida,... Nesta actividades se desenvolven obradoiros que poñen en contacto os visitantes co medio rural e coas tradicións populares galegas.

Participantes:

Este ano participaron 35 colexios (24 colexios da provincia de Ourense, Pontevedra, e Lugo), 3 IES, un de Xinzo de Limia e dous de Ourense, cun total de **1.150 nenos/ás e adolescentes**.



Participantes nos distintos obradoiros

CAMPAMENTO DE VERÁN:

Levou a cabo no mes de xullo a organización dun campamento de verán, no que participaron 15 rapaces e rapazas da bisbarra. Ademais de actividades de lecer e tempo libre, no campamento desenvolvéronse talleres medioambientais e de posta en valor da cultura rural galega.



Participantes no campamento de verán

TALLERES DE RECICLAXE, PLANTAS MEDICINAIS, PLANTACIÓN, DE REUTILIZACIÓN,...:

Actividades realizadas durante os meses de maio, xuño, xullo e agosto.



Imaxe dos/as participantes en plena actividade

O logro xeral destas xornadas de convivencia é que os nenos/ás e mozos participantes comprendesen o problema ambiental que producen os lixos domésticos e que aprendesen como poden contribuír a solucionalo. Ademais tamén se tratou de mellorar o seu coñecemento sobre o medio natural máis inmediato. Coñecer as técnicas básicas de compostaxe, para a transformación dos residuos orgánicos en compost. Tívoise en conta que a maioría dos asistentes proveñen do medio rural polo que están familiarizados co subscriutor e os procesos de descomposición do esterco.

OBRADOIROS DE ORNITOLOXÍA:

Talleres realizados o 13 de abril de 2013 e 12 de outubro de 2013. Este ano a colaboración realizouse coa Sociedade Galega de Ornitología e GREFA que presentou o seu programa para a recuperación da poboación da aguija real desta especie na provincia de Ourense, máis concretamente na Baixa Limia, única provincia galega con escasos efectivos da maior aguija da nosa fauna. A participación foi moi variada posto que contamos con adultos, mozos e nenos, unha media de 18 persoas en cada taller.



Cartel das xornadas e participantes nas mesmas

LUDOBIBLIOTECA:

A través de esta actividade, achéganse as persoas da comarca ferramentas para o seu



Xogo tradicional

tempo de lecer, facendo cousas tales como préstamo de xogos tradicionais e do mundo e préstamo de material didáctico, divulgativo, libros etc.. A través desta actividade, achegáronse alternativas para o lecer a 30 rapaces e rapazas e as súas familias (unhas 70 persoas).

ACTIVIDADES LÚDICAS PARA TODA A COMUNIDADE:

Celebración de festas e costumes populares, día das persoas maiores, carnaval, magosto, etc... Nestas celebracións participaron preto de 250 veciños e veciñas.



Veciños e veciñas participando nunha actividade



ESCOLA DE SAÚDE:



Participantes no taller de memoria

Neste ano levouse a cabo un taller de estimulación para a memoria para os/as veciños e veciñas da bisbarra. Nel participaron un total de 15 veciños e veciñas.

PROGRAMAS DE INVESTIGACIÓN:

O C.D.R. "O Viso" participou no Programa de investigación para a recuperación da fauna e flora nas veigas de Lososelo-Vilaseca, en colaboración coa Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN).



Traballos desenvolvidos no marco da programa



5.2.- Atención integral ós nosos maiores: Servizos de Proximidade

A metodoloxía principal neste ámbito, é a comunicativa e o traballo en rede. Abrigo cos Servizos sociais da zona, familiares e amigos/ás.

CENTRO DE DÍA "LODOSELO":

O Centro de Día "LODOSELO" é un centro xerontolóxico socio-terapéutico e de apoio



Entrada principal do Centro de Día

ás familias da comarca da Limia, que durante o día presta atención terapéutica integral e plural ás persoas maiores con dependencia ou en grave risco de padecela, promovendo a súa autonomía persoal, a actividade relacional e permanencia no seu entorno habitual. Un centro para as persoas

maiores, para a comunidade rural, onde as persoas son parte activa e non só perceptoras de servizos.



Actividades diarias no Centro de Día Lodoselo

VIVENDA COMUNITARIA "A TÚA OUTRA CASA":

Co ánimo de que as circunstancias non obriguem ás persoas maiores ó abandono do seu lugar de referencia na súa existencia: a súa casa, a súa xente, o seu pobo... o Centro de Desenvolvemento Rural "O Viso", apostou por un modelo de convivencia que se



Residentes da vivenda comunitaria



Vista da vivenda comunitaria A túa outra casa

acerque na medida do posible ós modos de vida normalizados e que supoña, unha alternativa de continuidade á vivenda habitual. En Lodoselo (Sarreaus), atópase “A TÚA OUTRA CASA”, un aloxamento tutelado para persoas maiores cun máximo de 14 prazas, dúas delas para para casos de emerxencia social.

SERVIZOS NO DOMICILIO:

Co obxectivo de que os nosos maiores poidan permanecer no seu fogar, e cunhas mellores condicións de vida, dende o CDR “O Viso”, ofertáronse os seguintes servizos para aquelas persoas maiores e as súas familias e persoas cuidadoras:



Servizos de podoloxía e comedor a domicilio



- Servizo de transporte adaptado, que foi utilizado por 32 persoas ó longo do ano.
- Servizo de comedor comunitario con subministración externa, que contou cunha media mensual de 62 usuarios, os 365 días do ano.
- Servizo de terapia ocupacional e rehabilitación menor no domicilio, que atendeu a 19 persoas todo o ano.
- Servizo de rehabilitación físico-funcional que contou con 20 participantes todo o ano.
- Servizo de préstamo de axudas técnicas e de valoración da accesibilidade do fogar, que prestou axuda a 23 persoas.
- Servizo de acompañamento hospitalario e xestións básicas, co que se atendeu a 19 persoas.



Servizo de rehabilitación a domicilio

- Servizo de podoloxía e hixiene, que contou con 59 participantes no ano.

CENTRO DE INCLUSIÓN:

É un establecemento aberto, non residencial, destinado fundamentalmente a promover a participación de toda a comunidade, onde se oferta:

- ✓ Comedor Social: Xantar de luns a domingo, tódolos días do ano, no que se oferta o servizo as persoas que o necesiten. O servizo conta con subministración externa, naqueles casos en que non poidan acudir ó centro por enfermidade ou motivos xustificados.



Actividade diaria do comedor social

- ✓ Servizo de Lavandería: Servizo que se presta de luns a venres, no que se recolle no domicilio das persoas usuarias a roupa e se devolve xa lavada e lista para o seu uso.
- ✓ Servizo de hixiene e roupeiro: Co obxectivo de fomentar a hixiene das persoas usuarias e o seu coidado persoal, o centro de inclusión conta cun servizo de duchas para toda aquela persoa que o solicite

A través destes e outros servizos, o CDR “O Viso” prestou a súa axuda a mais de **475 persoas** e as súas familias o longo do ano 2013.

5.3.- Actividades Formativas e Informativas

CENTRO DE INFORMACIÓN XUVENIL E COMUNITARIA:

O obxectivo do **CIX da Limia** é achegar á sociedade Limiá todas aquelas informacións que poidan ser de interese e utilidade, así como facilitar o acceso a axudas, subvencións e outros recursos que poñen en marcha as diferentes administracións. Desta forma o CDR O Viso, a través do CIX da Limia, pretende facilitar a toda a comunidade, especialmente á



Oficina do Centro de Información Xuvenil

á mocidade a inserción laboral, a mellora da formación profesional e educativa, a promoción do asociacionismo e a participación social e cultural. A través do CIX, o longo do ano 2013, déronse resposta ás demandas de máis de 360 persoas.

CAMPAÑAS INFORMATIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN:

A continuación se citan as campañas realizadas ó longo do ano nas que se deu información a máis de 1250 persoas:

- Día internacional dos dereitos humanos
- Día mundial de loita contra a SIDA: Mesa informativa, repartición de preservativos nos IES de Xinzo. Campaña informativa: SIDA e enfermidades de transmisión sexual.



Mesa informativa comercio xusto

- Solidariedade co terceiro mundo: "Comercio xusto, consumo responsable". Exposición e venda de produtos durante as feiras de Xinzo.
- Día Internacional do Voluntariado
- Día da No violencia e da Paz
- Día Internacional da Muller traballadora
- Día Internacional contra a violencia de xénero

FORMACIÓN:

"Curso de Educación e Terapia Asistida con animais de granxa"

Os días 17, 18 e 19 de maio realizouse en Lodoselo e dentro do Plan de Formación da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, o curso de Educación e Terapia Asistida con animais de granxa. 25 mozos/as das catro provincias galegas tiveron a posibilidade de poder realizar este curso organizado pola Escola de Tempo Libre "Limicorum" do C.D.R. "O Viso". O curso foi impartido en colaboración con Humanymal, organización especializada na implantación e xestión de programas de terapia e educación asistida con animais.



Imaxes do curso

Unha experiencia moi enriquecedora e novedosa, que nos posibilitou dar a coñecer as persoas participantes beneficios e posibilidades de intervención educativa e de terapia asistida con animais como burros, ovellas, galiñas, coellos, etc..., animais todos eles presentes nas actividades do Pobo Escola de Lodoselo

Curso "Características e Necesidades de Atención Hixiénico Sanitarias das Persoas Dependentes"

No mes de novembro, impartíuse nas instalacións do C.D.R. "O Viso" o curso "Características e Necesidades de Atención Hixiénico Sanitarias das Persoas Dependentes.", o que asistiron 12 persoas. Con este curso quíxose ofertar unha formación específica a persoas con dificultade de inserción, especialmente a mulleres e xente



Participantes no curso

nova, que complemente a súa formación dentro da especialidade de atención sociosanitaria para persoas dependentes no domicilio.



Imaxes de actividades do curso

ACOMPAÑAMENTO E APOIO NA REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE TRABALLO:

Ó longo do ano o C.D.R. “O Viso” contribuíu a capacitación laboral de seis mozos e mozas que cursan estudos de “Técnico Sanitario para persoas dependentes en institucións”. Todo isto froito dos convenios firmados coas seguintes institucións:

- Academia Postal (Ourense)
- Academia Cero (Xinzo de Limia)
- FESAN, Fundación de Estudos e Análises (Ourense)



Unha das participantes das prácticas na vivenda

PROGRAMA RURAEMPREGA-T:

O Centro de Desenvolvemento Rural “O Viso”, puxo en marcha en outubro o programa RURAEMPREGA-T, en colaboración coa Consellería de traballo e benestar



Cartel informativo do programa

da Xunta de Galicia. É un programa que promove a inserción social e laboral de persoas en risco de exclusión social ou situación de vulnerabilidade (desempregados de longa duración, maiores de 45 anos, mulleres, mocidade e especialmente aqueles con baixa cualificación profesional). Tamén está aberto a toda a cidadanía interesada en mellorar as súas competencias para a promoción sociolaboral. Partindo do obxectivo xeral, de promover e fomentar accións formativas, de asesoramento e acompañamento que permitan a inserción social e laboral. O proxecto baséase

no acompañamento social e laboral dos participantes, así como tamén accións de formación e intermediación laboral. Enmarcado nas actividades do programa, levouse a cabo o *Obradoiro de preparación para a busca de emprego*, realizado o 26 e 27 de novembro, no que participaron 16 persoas.



Imaxes do obradoiro e dunha entrevista de orientación e acompañamento

O programa ten continuidade no ano 2014, e nos meses de novembro e decembro de 2013 contou coa participación de 37 persoas

5.4.- Acción voluntaria

Ó longo de todo o ano, o Centro de Desenvolvemento Rural “O Viso” conta coa



Voluntarios colaborando nas tarefas de comedor

participación de varios voluntarios/as, que colaboran nos programas e actividade que se levan a cabo na entidade. Ademais cabe destacar que o C.D.R. “O Viso” colabora no programa do Servizo de Voluntariado Europeo, , na que participa como organización coordinadora, de envío, e de acollida.

No ano 2013, a entidade contou coa participación de **36 voluntarios** e 4 do Servizo de Voluntariado Europeo.





6.- CONVENIOS SUSCRITOS CON OTRAS ENTIDADES

Convenios de colaboración suscritos:

1. Convenio de cooperación educativa coa Universidade de Vigo (Facultade de Humanidades - Campus de Ourense) para a realización de prácticas do alumnado de educación social, colaboración en xornadas, cursos etc...
2. Convenio de Colaboración ca Universidade de Santiago de Compostela (Facultade de Ciencias da Educación).
3. Convenio de colaboración entre o Concello de Sarreaus e CDR "O Viso". (Servizos sociais)
4. Convenio de colaboración entre o Concello de Trasmiras e CDR "O Viso". (Servizos sociais)
5. Convenio de colaboración entre o Concello de Xinzo de Limia e o CDR "O Viso". (Servizos sociais)
6. Convenio de colaboración entre o CDR "O Viso" e a Exma. Deputación Provincial de Ourense
7. Convenio de colaboración co Servizo Social da Penitenciaría de Ourense.
8. Convenio de colaboración cos IES Lagoa de antela e Cidade de Antioquía de Xinzo de Limia. (puntos de información - prácticas con alumnado de ciclos formativos).
9. Convenio de colaboración co Concello de Ourense dentro do programa da Concellería de Educación.

Cabe salientar, e de xeito destacado outras dúas participacións do CDR "O Viso" en dous destacados programas:

- Por unha banda o Programa Más Social, da Fundación Pedro Barrié de la Maza, en colaboración coa fundación de PwC, que entre outras cousas, ademais de formación, permitiu a contratación dun xestor por parte do CDR.
- Por outra banda, o CDR "O Viso" participa no proxecto europeo Symbios, que trata a problemática da crise demográfica en Europa.

7.- COLABORADORES

A continuación figuran as entidades que fan posible este proxecto:



Obra Social
Fundación "la Caixa"

Fundación Barrié



8.- CERTIFICACIONES

CERTIFICACIÓN DE CALIDADE

CERTIFICADO



OCA Instituto de Certificación, S.L.U.

Certifica o Sistema de Xestión da Calidade da organización

CENTRO DE DESENVOLVEMENTO RURAL O VISO

Lodoselo - Concello Sarreaus
32631 Ourense

aplicable a:

**CENTRO DE ATENCIÓN DIURNA DE PERSOAS MAIORES
CON DIFERENTES GRADOS DE DEPENDENCIA E A DE
COMEDOR SOCIAL BEN SEXA IN SITU OU NO
DOMICILIO DO PROPIO USUARIO**

conforme coa norma:

INE-EN ISO 9001:2008

Certificado nº **5200/13/0422**

Data certificado inicial: 22 de Marzo de 2013

Data de emisión: 22 de Marzo de 2013

Data de caducidade: 22 de Marzo de 2016

O Conselleiro



Josep Fajula Chopo



Calquera aclaración adicional relativa tanto ao alcance deste certificado como á aplicabilidade dos requisitos da norma pódese obter consultando á organización.



INFORME DE AUDITORÍA DE CONTAS


 Calle Oros del Sur, 20-7
 20000 Ovisos
 www.cdoviso.org

INFORME DE AUDITORÍA DE CUENTAS ANUALES AJUSTADAS ENTREGADAS EN SU MOMENTO DE EJECUCIÓN

A la Asamblea general del "Centro de Desarrollo Rural O'VISO" por encargo de la Junta Directiva de la Entidad.

Uno.- Hemos analizado las cuentas anuales elaboradas de la "Entidad de Desarrollo Rural O'VISO", que comprenden el balance ajustado al 31 de diciembre de 2012, la cuenta de pérdidas y ganancias ajustada y la memoria ajustada que incluye la información sobre la liquidación del presupuesto correspondiente al ejercicio anual terminado en dicho fecha. La Junta Directiva es la responsable de la formulación de las cuentas anuales elaboradas de la entidad, de acuerdo con el marco normativo de información financiera aplicable a la entidad (que se describe en la Nota 2 de la memoria ajustada) y en particular, con los principios y criterios contables contenidos en el mismo. Nuestra responsabilidad es expresar una opinión sobre los dichos cuentas anuales elaboradas en su conjunto, basando en el trabajo realizado de acuerdo con los métodos regulados de la actividad de auditoría de cuentas aplicable en España, que requiere el examen mediante la realización de pruebas selectivas de la evidencia justificativa de las cuentas anuales elaboradas y la emisión de si su preparación, las principios y criterios contables aplicados y los procedimientos seguidos, están de acuerdo con el marco normativo de información financiera que resulta de aplicación.

Das.- La entidad ha registrado a resultado 12.938,11 euros referenciado con subvenciones de capital ligadas con construcciones. De acuerdo con los principios y normas contables generalmente aceptados, este importe debe ir reducida con la amortización del bien. Según los parámetros de amortización que figuran en la memoria ajustada, el importe imputable debería ser 3.186,56 euros. Consecuentemente, el epígrafe "Subvenciones, donaciones y legados recibidos del ejercicio del balance ajustado" debe ser ajustado en 22.782,59 euros y el epígrafe "Subvenciones donaciones y legados de capital otorgados al resultado del ejercicio" de la cuenta de pérdidas y ganancias ajustada y por lo tanto, el resultado del ejercicio para referenciado en su mismo importe.

Tres.- El epígrafe "Subvenciones, donaciones y legados recibidos" del Balance ajustado de la cuenta de pérdidas y ganancias ajustada, recoge tanto los subvenciones, donaciones y legados no imputables, controladas por las Administraciones Públicas, entidades privadas y particulares para el establecimiento o construcción de la entidad (tanto no terminada) y/o para cubrir gastos operativos relacionados, como los cantidades contabilizadas como ingresos de patrimonio neto o legados retrogradados, con remisión de su importe a un año. Nuestra opinión de auditoría sobre las cuentas anuales relativas al ejercicio 2012, incluye una objeción por esta cuestión. Consecuentemente el mencionado epígrafe está subvalorado en 126.427,49 euros en el ejercicio 2012 y en 89.032,89 euros en el ejercicio 2011 y el epígrafe "Donación a largo plazo" del balance ajustado refleja una información en su mismo importe.

Informe de auditoría
 11/12 2013 (100%) Informe de Auditoría de Cuentas de Entidad para 2012, emitido el 27 de Julio de 2013, según el 27/2012
 Informe de Auditoría de Cuentas de Entidad para 2012, emitido el 27 de Julio de 2013, según el 27/2012

Página 1 de 1



Cuatro.- El epígrafe "Otros gastos de explotación" de la cuenta de pérdidas y ganancias ajustada, incluye gastos que deberían de figurar en el epígrafe "Amortizaciones" de Das. Por lo tanto, el epígrafe "Otros gastos de explotación" y el rubro epígrafe de "Amortizaciones" de cuentas anuales referenciado e referenciado respectivamente en 66.203,13 euros en 2012 y en 71.000,77 euros en 2011.

Cinco.- La cuenta de pérdidas y ganancias de las cuentas anuales elaboradas ajustadas, no incluye la información relativa al abogarse de variaciones en el patrimonio neto de la entidad ni se corresponden información comparativa. En concreto, los epígrafes "El Impuesto y gastos directos imputados al patrimonio neto" y "El Resultado de explotación al resultado del ejercicio", deberían contener información relativa en cuanto los registros contables. Consecuentemente el importe del epígrafe "El Resultado total, variación del patrimonio neto en el ejercicio" no se corresponde con la información producida en el mismo.

Six.- De acuerdo con lo que se indica en los métodos contables, las cuentas anuales elaboradas al ejercicio 2012, algunas cuentas, en todos los registros significativos, la muestra del patrimonio y de la situación financiera de la "Entidad de Desarrollo Rural O'VISO" al 31 de diciembre de 2012, así como de los resultados de sus operaciones correspondientes al ejercicio anual terminado en dicha fecha, de conformidad con el marco normativo de información financiera que resulta de aplicación y, en particular, con los principios y criterios contables contenidos en el mismo.

Seven.- De lo que afecta a nuestra opinión de auditoría. Nuestra de nuestro registro de la entidad en la Nota 2.6 de la memoria ajustada referida, "Apoyos derivados de la inscripción a los registros de la administración del Plan General de Contabilidad y los entes de los ejercicios". En su día se indica que las cuentas anuales de la entidad correspondientes al ejercicio terminado al 31 de diciembre de 2012, son las primeras que han sido elaboradas de acuerdo con el Real Decreto 1491/2011, de 24 de octubre, por el que se aprueba las normas de adaptación del Plan General de Contabilidad a las Entidades con fines de lucro y el entrada del plan de cuentas de las entidades sin fines lucrativos. La entidad ha estado por adaptar las referidas cuentas.

26 de octubre de 2013.

POR ACHAMBEROS AUDITORES Y CONSULTORES, S.L.P
 c/ RUC, 30010


 Tal. Avda del Real, Zamora

Informe de auditoría
 Página 2 de 1